



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL BRIÓN

Aprobación lista definitiva de admitidos e excluídos da praza de oficial administración (auxiliar), nomeamento de tribunal e citación para 1º exercicio

EDICTO

Por esta alcaldía con data 8 de abril de 2026, ditouse a seguinte resolución:

Rematado o día 01.04.2026 o prazo de presentación de instancias para tomar parte no proceso selectivo para a cobertura, pola quenda de promoción interna, dunha praza de Oficial Administración, Subescala: Auxiliar, correspondente á OEP do ano 2025 (BOP núm. 226, do 25.11.2025), mediante o sistema de concurso - oposición, de conformidade co disposto na base 5 das bases reguladoras da convocatoria, publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia do 16.01.2026, en extracto no Diario Oficial de Galicia do 11.02.2026, no taboleiro de edictos e páxina web do concello, ao abeiro das competencias desta alcaldía, **resolvo**:

1º) Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo convocado para a provisión desta praza.

ADMITIDOS:

-. JOSÉ PAIS ESPARÍS. DNI: ***5760**

EXCLUÍDOS:

Ningún.

2º) Ao non existir persoas excluídas, elevar a definitiva a lista provisional.

3º) Nomear aos membros do tribunal cualificador que estará composto polas seguintes persoas, que celebrará sesión constitutiva na Casa do Concello o día 17 de abril, ás 8,30 horas.

Presidenta: María Dolores Torrado Ares.

Suplente: Alberto Álvarez Escudero.

Secretario: Javier Nieves González.

Suplente: Mónica Arias Carriba.

Vogais:

Titular: María Dolores Landeira Liñares.

Suplente: José Padín Torres.

Titular: Luis Taboada Hervella.

Suplente: Patricia Coence Antelo.

Titular: Francisco Javier Vidal Lorenzo.

Suplente: José Alberto Iglesias Fungueiriño.

4º) Convocar aos aspirantes admitidos para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición que terá lugar no salón de plenos da Casa do Concello, o día 21 de abril, ás 9 horas.

5º) Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do concello que se atopa na sede electrónica deste concello, para xeral coñecemento e efectos.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Brión, 8 de abril de 2026.

O alcalde.

Pablo Lago Sanmartín.